



De esquerda á dereita: Henrique Alvarellos, Olivia Rodríguez e María Inés Cuadrado, no acto de presentación da Feira do Libro da Coruña

PRESÉNTASE NA FEIRA DO LIBRO DA CORUÑA A *BALADA DE LOS MARES DEL NORTE* DE LUGRÍS

- Participaron a autora da edición crítica desta obra, a profesora da UDC Olivia Rodríguez; a actriz María Inés Cuadrado (que recitou fragmentos do libro) e o editor Henrique Alvarellos.
- *Balada de los mares del norte* reúne sesenta e dous textos escritos por polo pintor entre 1942 e 1973: poemas, contos e ensaios. Medio cento de ilustracións moi pouco coñecidas (entre elas, todas as portadas para *Vida Gallega*) e manuscritos inéditos completan a parte gráfica dun volume que supera as 300 páxinas.

A Feira do Libro da Coruña acolleu, no seu día derradeiro, á primeira presentación pública do libro *Balada de los mares del norte*, a obra da Colección Rescate de Alvarellos Editora que reúne, por vez primeira, a edición crítica dos textos que o pintor Urbano Lugrís foi deixando espallados por publicacións periódicas ao longo de trinta anos.

No acto participaron a responsable da introdución, anotación e apéndices, a profesora da UDC Olivia Rodríguez, a actriz María Inés Cuadrado, que recitou varios fragmentos da obra de Lugrís, e o editor, Henrique Alvarellos.

300 PÁXINAS DE TEXTOS, ILUSTRACIÓNS E MANUSCRITOS

Balada de los mares del norte recolle máis de 300 páxinas de textos, moitos deles moi descoñecidos e algún inédito do autor, ata un total de 62 escritos. Poemas, contos e ensaios publicados entre 1942 e 1973 en revistas como *Vida Gallega* o *Atlántida*, xornais como *El Pueblo Gallego*, *El Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* ou outras publicacións dispersas; tamén, escritos ou ilustracións cos que adoitaba agasallar a amigos ou coñecidos, algúns deles ven hoxe a luz por vez primeira.

Inclúese ademais medio centenar de ilustracións de Lugrís xunto a varios manuscritos inéditos, e a reprodución en cor de todas as cubertas orixinais elaboradas para a revista *Vida Gallega* nos anos 50.

Olivia Rodríguez, especialista en Teoría da Literatura, fixo fincapé na importancia de ter accedido a manuscritos de Urbano Lugrís. Grazas a eles puido levar a cabo, por vez primeira, a edición crítica dos textos, pois moitos saían publicados no seu día con grallas ou erros de interpretación dos tipógrafos das publicacións coas que colaboraba o pintor coruñés. Por outra banda, a autora da edición crítica, eloxiou o coidado da presentación desta obra “un dos libros máis fermosos que levo visto”, dixo.

O editor Henrique Alvarellos citou a entrevista que, no verán de 1961, lle fixo Emilio Quesada a Lugrís (que sería publicada logo no número de verán de *Vida Gallega* dese mesmo) onde o pintor expresa o seu desexo de ver recopilados, en libro, os textos que ía espallando por xornais e revistas: “Non foi así, e houbo que agardar ata agora, 35 anos despois do seu falecemento e no centenario do seu nacemento, para que o primeiro libro que, dun xeito global e crítico recolle a obra escrita de Urbano, vexa a luz”.

[www.alvarellos.info]